



## 13. A crise da Restauración (a desarticulación do sistema canovista)


- O sistema deseñado por Cánovas non contenta a todas as sensibilidades políticas.
- Durante a rexencia de M<sup>a</sup> Cristina de Habsburgo → máis forza **das tendencias rexionalistas e nacionalistas** (Cataluña, País Vasco, Galicia):
  - A nivel teórico → Prat de la Riba, Sabino Arana, Alfredo Brañas.
  - práctica política → Bases de Manresa e Lliga Regionalista, PNV → creación de programas sobre a organización autónoma destas comunidades.
- O **Movemento Obreiro** realiza por primeira vez en 1890 a xornada reivindicativa do Primeiro de Maio → conflictividade social (axitación no campo pola miseria de campesiñado e xornaleiros).
  - Atentados anarquistas contra a burguesía.
  - Pistolerismo da patronal.
- Cuestión colonial → elemento clave da crise da Rexencia.
  - Independentismo cubano → descontento na illa polo trato recibido dende Madrid → Guerra Longa (1868 - 1878) → remata coa **Paz de Zanjón (xeneral Martínez Campos)** prometendo reformas en Cuba e anmistía.
  - Medidas insuficientes dende a metrópole.

- **1895** → separatistas cubanos reinician a guerra (Grito de Baire) encabezados por José Martí.
- **1896** → inurrección en Filipinas (José Rizal).
- Martínez Campos, incapaz de repetir o éxito na primeira guerra é relevado por **Valeriano Weyler** → pon en práctica a “**Reconcentración**” da **poboación campesiña** para cortar a axuda aos sublevados. Resultado → morte de milleiros de civís por fame que desata protestas internacionais e presión sobre o goberno de Madrid.
- **O exército español** → poboación pobre con equipamento obsoleto que sobre moitas baixas (combate e enfermidades tropicais).
- **EEUU** en plena expansión imperialista → apoia aos insurrectos porque quere desplazar a España da zona do Caribe e do Pacífico.
- **Punto de inflexión** → extraña explosión do **acorazado estadounidense Maine** no porto da Habana.
- Este feito é o **casus belli** (motivo da guerra) que Estados Unidos precisaba para entrar oficialmente no conflito cubano.
- Tras unha **breve campaña militar** → a Armada española é superada e destruída polos estadounidenses e asíñase o **Tratado de París** polo cal queda liquidado o Imperio colonial español.



- Estes feitos son coñecidos como o **Desastre do 98** → provoca descontento xeral na poboación, tanto nos intelectuais como nas clases populares.
- **Consecuencias** → Republicanismo, rexionalismos e rexeneracionismo foron manifestación dese malestar.
- O **rexeneracionismo** foi a corrente intelectual que influíu na vida pública española da época → caracterizouse pola crítica ao sistema da Restauración e polo seu propósito de modernizar o país.
- **Joaquín Costa** → o máis claro representante, pois as súas ideas calaron entre republicanos, socialistas e influíron nos gobernos de Alfonso XIII (en canto ás propostas técnicas para remediar o atraso).
- A coincidencia neste tempo de escritores e intelectuais cunha visión crítica, pesimista e renovadora → **Xeración do 98**.

- A raíz do desastre de **Cuba** (concedida a independencia) e **Filipinas** (vendida a Estados Unidos) → sentimento antimilitarista.
- **Os militares** senten resentimento e frustración, responsabilizando aos políticos → progresivamente péchanse nunha actitude de defensa corporativa dos seus intereses e de desprezo á sociedade civil e ao parlamentarismo.
- A mostra desta actitude vai ser o asalto e destrucción por parte dalgúns oficiais á **revista satírica ¡Cu-Cut!** polas criticas que fixo contra o exército e a defensa do catalanismo.



- A acción non foi castigada, ao contrario → o poder militar impúxose ao civil ao conseguir, co consentimento de Alfonso XIII, a **aprobación da Lei de Xursidicións (1906)**.
- Qué é a Lei de Xursidicións? → pon baixo xurisdición militar os delitos contra os símbolos do Estado español e incluía as inxurias de palabra ou por escrito ( "la patria el ejército, la bandera o la unidad nacional".)
- Varios dos artigos supuxeron un importante recorte da liberdade de expresión.
- Por outra banda, carlistas e republicanos opuxéronse a ela. Os partidos catalanistas, interpretándoa como un ataque directo a Cataluña e reaccionaron coa creación dunha coalición política chamada **Solidaritat Catalana**.
- Os partidos da oposición ao Turnismo van recadando máis apoios:
  - Republicanos → **Partido Radical (Lerroux)**.
  - Socialistas → **PSOE** con representación parlamentaria.
  - Anarquismo → ensanchan as súas bases de apoio e en **1910** crean a **CNT**.
- **Tras a morte de Cánovas e Sagasta** (fundadores dos partidos dinásticos ou da Restauración) → **crise de liderado en ambas formacións**.
- Os seus sucesores, **Maura e Canalejas**, tentaron unha rexeneración dende arriba do sistema.

## Antonio Maura (Partido Conservador)



- O **partido Conservador** de **Maura**:
  - Intenta reformar o sistema sen alterar as bases do réxime.
  - Aproba **Lei de reforma electoral** → declara o voto obrigatorio para evitar a influencia do Caciquismo. Problema → **art. 29** polo cal os deputados eran elixidos automaticamente se o número de candidatos era igual ou menor que os escanos de cada circunscrición.
  - Coa **Lei de administración local** → incrementar as competencias e a autonomía dos concellos. Non se chega a aprobar, xa que afectaba aos intereses das oligarquías locais.
  - **Outras iniciativas**:
    - **Proteccionismo económico** para favorecer a industria.
    - **Lei de descanso dominical** (prohibición de traballar os domingos).
    - **Legalización de folgas**.
    - **Lei de represión do terrorismo** → fracasa polas restriccións ás liberdades individuais (oposición de republicanos, socialistas e liberais).

- Depois da perda de Cuba e Filipinas, Espanha orienta a súa política colonial a **Marrocos**.
- Os acordos hispano-franceses de principios do século XX garantiron unha zona de influencia de España no **Macizco do Rif**.





- **Búscase prestixio internacional e explotación económica**, pero as masas populares non compartiron o entusiasmo da oligarquía e dos militares na aventura colonial.
- Necesidade de fortes continxentes militares por:
  - Oposición da poboación local (rifeños).
  - Abrupto territorio → dificultades de comunicación.
- A cuestión marroquí converteuse nun problema na política interna.
- **1909** → ataque dos rifeños as posicións españolas preto de Melilla, o que obrigou o envío de máis tropas.
- **En Barcelona**, o embarque de reservistas e descontento social (mov. obreiro) → folga xeral radicalizada con violencia, motíns, queima de conventos e igrexas (acusada de favorecer as desigualdades sociais).
- 27 de Xullo 1909 → desastre de “**Barranco del Lobo**”, un revés para o exército español.
- Froito disto (26 ao 31 de Xullo de 1909) → masas populares con anarquistas, republicanos e catalanistas, toman Barcelona (“Semana Tráxica”).
- **Maura** responde con forte represión → **fusilamentos de Montjuic**. Todo o proceso leva á caída de Maura ante as peticións da oposición (“Maura non”) e foi **relevado polo Partido Liberal de Canalejas**.





## José Canalejas (Partido Liberal)

- O mandato de **Canalejas** é breve (1910 ata que é asesinado nun atentado anarquista 1912).
- Que fixo neste tempo?
  - Ampliar as bases sociais do sistema da Restauración mediante leis:
    - **Lei de asociacións relixiosas (Lei do cadeado)** → limita o establecemento de novas ordes relixiosas en España → dura oposición de católicos, conservadores e do Vaticano.
    - **Lei de recrutamento** → servizo militar obrigatorio que suprime o pago en metálico para librarse de servir no exército. En todo caso, crea os “soldados de cota”, co que permitía reducir o tempo de servizo en filas a cambio de diñeiro.

- **Feitos que puxeron de manifesto a incapacidade de evolución do réxime da Restauración:**
  - 1) **A fragmentación e enfrontamentos internos dos partidos dinásticos** (Conservador e Liberal) e o fracaso das reformas dos seus líderes (Maura e Canalejas)
  - 2) **Oposición de grupos dominantes** a estas reformas, xa que non queren perder privilexos.
  - 3) **Forza da Igrexa e do exército** → condicionan aos gobernos en gran medida.

[La guerra de Cuba y el desastre del 98 - YouTube](https://www.youtube.com/watch?v=sVNdLSY1HDo)

<https://www.youtube.com/watch?v=sVNdLSY1HDo>

[Crisis de la Restauración borbónica - YouTube](https://www.youtube.com/watch?v=CNWnI_iiJC)

[https://www.youtube.com/watch?v=CNWnI\\_iiJC](https://www.youtube.com/watch?v=CNWnI_iiJC)

(Resumo reinado Afonso XIII e crise da Restauración temas 13,14,15)

[https://www.youtube.com/watch?v=PpU8ALyOoXc&ab\\_channel=Atodaleche](https://www.youtube.com/watch?v=PpU8ALyOoXc&ab_channel=Atodaleche)



## **Doc. 1.**

Despois de medio século de asonadas, pronunciamentos, manifestos, revolucións, fusilamentos, cambios de réxime e de dinastía, proclamación de Constitucións bautizadas pomposamente co ditado de democráticas, as “liberdades” chegaron, temos o que se pedía: Constitución liberal, xuízo por xurados, sufraxio universal, dereitos individuais, pero seguimos o mesmo que estabamos: o pobo xeme na mesma servidume que antes, a liberdade non penetrou no seu fogar, a súa mísera sorte non cambiou no máis mínimo, como non sexa para empeorar; aquel medio século de propagandas e combates heroicos pola liberdade desembocou nun inmenso fracaso; o réxime liberal fixo bancarrota. E sabedes por que? Porque esa liberdade non se coidaron máis que de escribila na “Gaceta”, crendo que a iso se reducía todo; porque non se coidaron de afianzala dándolle corpo e raíz no cerebro e no estómago: no cerebro, mellorando e universalizando a instrución; no estómago, promovendo unha transformación fonda da agricultura, que a faga producir dobre que no presente e diminúa o prezo das subsistencias, e, mediante a difusión da propiedade territorial, elevando aos braceiros á condición de terratenentes.

**Xaquín COSTA. A terra e a cuestión social. 1898.**

## **Doc. 2.**

A outra noite [día 25], a primeira hora, un gran número de oficiais do exército, molestados polas caricaturas e artigos que publicaba a prensa catalá, reuníronse en número de máis de douscentos na Praza Real, comezaron a dar vivas a España e desde alí marcharon á imprenta do semanario catalanista Cu-Cut. Sacaron os trastes e pertenzas que encontraron e gran cantidade de periódicos e pre- déronlle lume, formando unha fogueira (...). Na redacción [do xornal La Veu] deron varias sabradas, obrigando aos que alí estaban a berrar: “Viva España!”. Esnaquizaron todo, respectando só o escudo de Cataluña, dicindo que Cataluña era unha provincia española.

**El Imparcial. 17-11-1905**

### **Doc. 3.**

Art.2. Os que de palabra, por escrito, por medio da imprenta, gravado, estampas, alegorías, caricaturas, signos, gritos ou alusións, aldraxan á nación, á súa bandeira, himno nacional ou outro emblema da súa representación, serán castigados coa pena de prisión correccional. Na mesma pena incorrerán os que cometan iguais delitos contra as rexións, provincias, cidades e pobos de España e as súas bandeiras ou escudos.

Art.3. Os que de palabra ou por escrito, por medio da imprenta, gravado ou outro medio mecánico de publicación, en estampas, alegorías, caricaturas, emblemas ou alusións aldraxen ou ofendan clara ou encubertamente ao exército ou á armada ou a institucións, armas, clases ou corpos determinados do mesmo, serán castigados coa pena de prisión correccional.

**Lei de Xurisdicións. 23-3-1906.**

#### **Doc. 4.**

Se España desertase de Marrocos, aínda que as súas costas estean bañadas nunha grande extensión polo Mediterráneo, deixaría de ser nación mediterránea. Para nós a costa norte de Marrocos é tan indispensable como o foi para Francia o litoral alxeriano, como o foi para Italia a Tripolitania, que para conseguila tivo que realizar tantos esforzos; porque o mar Mediterráneo non separa, senón que une, é un reducido corredor, e ao que ocupa unha das súas beiras non lle pode ser indiferente que a beira oposta poida ser dominada por un ou por outro. Por iso para min non cabe dúbida: non temos sequera o dereito de opción; a responsabilidade que haberíamos de contraer ante as xeracións futuras sería enorme e, por tanto, para conservar a nosa posición actual, todo sacrificio por grande que sexa, estímoo pequeno.

**CONDE DE ROMANONES. Discurso [no Congreso de Deputados]. 5-11-1919.**

## **Doc. 5.**

En Barcelona a folga afectou todos os ramos, e ía estendéndose pola provincia. Logo pasou a outras catalás. O carácter xeral demostraba a preparación revolucionaria (...). Chegaban avisos de que tamén cortaban as liñas telegráficas e telefónicas (...). Comezaban os incendios, ataques a comunidades, violacións, asasinatos (...) Cincuenta conventos e igrexas foron queimadas, destruíronse moitas comisarías de policía e reinou a desorde polas vacilacións do capitán xeneral nos primeiros momentos e a escaseza de forzas. (...) Por fin chegaron as forzas (...). Eran columnas mixtas de tropas e gardas civís. Os rebeldes foron varridos, dominados e destruídos en todas partes pola Garda Civil. O venres estaba vencida a rebeldía. Restablecéronse as comunicacións e entón o público soubo da verdade do sucedido, que produciu espanto e horror. E entre os crimes que se cometeron ou se intentaron, xurdiu a figura de Ferrer, unha das principais, ou talvez a primeira, na dirección do movemento.

**Xoán de LA CIERVA Y PEÑAFIEL [ministro de Gobernación]. Notas da miña vida.**

**1932.**



# 14. A Crise 1917, os gobernos de concentración e a Guerra de Marrocos

- O réxime da Restauración entrou nunha nova fase marcada polas intervencións de **Alfonso XIII** na vida política.



## - Reinado:

- 1902 -1923 → **espírito rexeneracionista**
  - Pretendía revisar o sistema e adaptarse ás novas demandas sociais e políticas.
  - Prodúcese, ademáis, a progresiva desarticulación do sistema canovista manifestada na inestabilidade política e agravada polo intervencionismo en política do monarca.
- 1923 - 1931 → Ditadura de Primo de Rivera (tema 15).
- Ao longo do reinado sucedéronse 32 gobernos que derivaron nun rexeitamento cara o sistema e á monarquía.
- (Resumo reinado Afonso XIII e crise da Restauración **temas 13,14,15**)  
[https://www.youtube.com/watch?v=PpU8ALyOoXc&ab\\_channel=Atodaleche](https://www.youtube.com/watch?v=PpU8ALyOoXc&ab_channel=Atodaleche)



- Cando estala a **1ª Guerra Mundial**, o goberno de **Eduardo Dato** (Conservador) → declara a neutralidade española.
- **Económicamente** → A Gran Guerra supón un incremento do **desenvolvemento industrial** e produtivo ao converterse España en subministradora dos países belixerantes (materias primas, armamento, etc.).
- **Tamén provocou:**
  - **Aumento de prezos** → produtos de primeira necesidade escasean polas masivas exportacións.
  - Os **salarios suben a un ritmo desigual** en relación aos prezos.
  - O descenso de poder económico e adquisitivo provoca **malestar social e político** → agravamento de desigualdades sociais e **auxe do movemento obreiro** (folgas).
- **1917** → **crise máis profunda do sistema da Restauración** porque conflúen tres conflitos: **militar, político e social**.

# 1. Crise militar:

- Proxecto de **reforma militar** provoca malestar no exército → **modernización** mediante **redución do excesivo número de oficiais** (os seus salarios absorben gran parte do orzamento).
- A estas motivacións económicas e profesionais, fóronse engadindo **outras esixencias** máis complexas (froito do resentimento dos militares contra os políticos e a sociedade). Esixencias:
  - Criterio de antigüidade para **os ascensos**, xa que os méritos de guerra só eran posibles para os destinados en Marrocos.
  - **Salvagarda do honor** castrense ante as críticas antimilitaristas → **represión** contra os inimigos da patria: **socialistas, anarquistas e separatismo nacionalista**.
- Descontento cristaliza na formación de **Xuntas de Defensa** (estendidas por todo o exército, cunha clara orientación sindical ou corporativista).
- En **1917** presentan un ultimato ao goberno coñecido como “**manifesto das Xuntas**” → o pulso entre políticos e militares decántase en favor dos militares cando, co apoio do rei Alfonso XIII, **logran impoñer as súas demandas** e son garantes da orde pública.

## 2. Crise política

- Provocada pola actuación de **Cambó** (líder da Lliga Regionalista Catalá) → presiona ao goberno co fin de reformar o sistema político e **conseguir autonomía para Cataluña**.
- Como conseguir o obxectivo? **convocar aos parlamentarios españois en Barcelona** (asamblea extraordinaria) para deliberar sobre estes asuntos.
- A **Asamblea de Parlamentarios** lévase a cabo en **1917** (malia estar prohibida polo goberno) → só un reducido número de grupos políticos acuden (republicanos, socialistas e catalanistas).
- **Fracasa** por distintos motivos:
  - Considerada ilegal, separatista e sediciosa.
  - Falta de apoios.
  - División interna.
  - Rexeitamento das Xuntas militares ás súas prestensións.


### 3. Crise social

- Consecuencia do **empeoramento das condicións de vida das clases populares** pola alza de prezos (alimentos especialmente) debido ás exportacións durante a Gran Guerra.
- **1916** → a **UXT e CNT** convocaron folga xeral de vinte e catro horas contra a carestía da vida → non logran melloras, radicalízanse e en 1917 empregando a folga xeral indefinida como arma de presión.
- Para os **dirixentes socialistas** a folga debería servir para derrubar o réxime e implantar unha **república democrática**.
- **Folga xeral (agosto)** → intensidade en Barcelona, Madrid, País Vasco e Asturias.
- Reacción do goberno foi **represión** → lei marcial e disolución violenta das manifestacións, emprego de armas.
- A **folga fracasa** por falsta de estratexia obreira e represión.


- En síntese esta época supuxo a sublevación de boa parte da poboación.
- Quebra do sistema de quenda → **gobernos de concentración**, chegando a participar nacionalistas cataláns (intentan solventar a inestabilidade resultado do fraccionamento dos partidos dinásticos).
- Importancia do **pistolerismo**. Atentados anarquistas → Asasinatos de **Dato** (político) 1921 ou **Salvador Seguí** (sindicalista) por parte da burguesía.
- Revoltas campeciñas (Andalucía e Estremadura) influenciadas pola Revolución Bolxevique de Rusia.
- Neste contexto da **Restauración e o reinado de Afonso XIII** → **Guerra de Marrocos** tras a atribución do Rif a España co fin de compensar a perda de Cuba, Porto Rico e Filipinas (desastre do 98).

- O dominio aproveitouse para construír ferrocarril e explotación de minas de ferro.
- Para **consolidar este dominio**, enviáronse tropas a Ceuta e Melilla.
- Tras episodio trágico do **Barranco do Lobo 1909** (tropas españolas derrotadas polos rifeños) e como continuación do conflito → Xeneral Silvestre durante a ocupación de Alhucemas levou ao **desastre de Annual en 1921**.
- Desastre de Annual → ataque dos rifeños dirixidos por **Abd-El-Krim** onde vencen aos españois en retirada.
- Os rifeños proclaman a **independencia da República do Rif** → Esta derrota produciu un forte impacto na opinión pública e a creación do **Expediente Picasso (para depurar responsabilidades do desastre)**.

- [https://www.youtube.com/watch?v=rCOoqCjqsGs&t=71s&ab\\_channel=CanalGalaxia7CanalGalaxia7](https://www.youtube.com/watch?v=rCOoqCjqsGs&t=71s&ab_channel=CanalGalaxia7CanalGalaxia7)







## - Expediente Picasso

- Encargado ao **Xeneral Picasso** (de aí o seu nome).
- **Obxectivo** → depurar responsabilidades no desastre.
- O pronunciamento de **Primo de Rivera** impediu que o expediente presentara as súas conclusións no Congreso.
- **Neste informe indicábanse** casos graves de corrupción entre os altos mandos militares españois en Marrocos, mala preparación das tropas e rumores de implicación de Afonso XIII no desastre.
- **O resultado** → críticas ao exército e oposición á monarquía.
- A incapacidade do réxime de transformarse favoreceu a imposición dunha ditadura. **Todos os problemas favoreceron en 1923 o golpe de Estado de Primo de Rivera co apoio do rei e das oligarquías.**

## **Doc. 1 XUNTA DA ARMA DE INFANTERÍA.Regulamento.1916.**

Art.1.Constitúese a Xunta de Defensa da Escala Activa da Arma de Infantería para traballar pola súa mellora e progreso,para maior gloria e poderío da patria; para defender o dereito e a equidade nos intereses colectivos e individuais dos membros dela desde a saída da Academia ata o emprego de coronel inclusive.

(...) Outro dos seus fins é fomentar o verdadeiro compañeirismo, mutua axuda e perfecta e lendaria cabaleirosidade,desenvolvendo estas virtudes na oficialidade e velando polo decoro e o prestixio profesional,perseguindo (...) por unha parte,os medios e facilidades para que poida adquirir e perfeccionar o oficial as aptitudes profesionais e,por outra parte, que mellore a súa situación económica e renaza a interior satisfacción que nace dos seus entusiasmos ao comezar a súa carreira,coa confianza na xustiza e equidade con que serán apreciados os seus méritos e esforzos.

## **Doc. 2.-A UGT e a CNT convocan unitariamente a folga xeral en agosto de 1917:**

“Pedimos a constitución dun Goberno Provisional que asuma os poderes executivo e moderador, e prepare, previas as modificacións imprescindibles nunha lexislación viciada, a celebración de eleccións sinceras, dunhas Cortes Constituíntes que aborden en plena liberdade os problemas fundamentais da constitución política do país. Mentres non se acade ese obxectivo, a organización obreira está absolutamente decidida a manter a súa actitude de folga. Cidadáns: non somos instrumentos de desorde, como na súa impudicia nos chaman con frecuencia os gobernantes que padecemos. Aceptamos unha misión de sacrificio polo ben de todos, pola salvación do pobo español, e solicitamos o voso concurso. ¡Viva España!”.

### **Doc.3. CHACÓN [Capitán de Artillería] Declaracións [no Expediente Picasso].1921.**

A evacuación de Igueriben fixo fraquear a liña de vangarda e determinou que o repregue a Annual, tanto do convoi como das forzas que o protexían, se fixese apresurada e desordenadamente. Despois deste momento reinaba en Annual a maior desorde, non só pola confusa chegada das forzas, senón por reunirse preto da tenda do xeneral, feridos, mortos e fuxitivos de Igueriben que daban ocasión a todo xénero de deprimentes comentarios.(...) Á porta da tenda do xeneral discutía acaloradamente un grupo de xefes, entre os que estaba o coronel Manella, xefe da posición, que protestaba porque era o único que votara na Xunta de Xefes por non abandonala e que estaba disposto a suicidarse cando iso ocorrese. A testemuña fíxolle observar que así deprimía a moral das tropas que o escoitaban, ao que lle respondeu o coronel que non lle importaba.

## 15. A ditadura de Primo de Rivera (golpe de Estado e etapas: delimitación temporal e características principais)

- En setembro de 1923 o capitán xeneral de Cataluña, **Miguel Primo de Rivera**, dá un **golpe de Estado** → apoiado por personalidades políticas e militares.
- Comezo da **segunda fase do reinado de Afonso XIII**.
- **Factores** que explican o triunfo da **ditadura militar**:
  - Descontento do exército tras o desastre de Annual → **evitar as consecuencias do expediente Picasso**.
  - Auxe dos **nacionalismos periféricos, republicanismo e movemento obreiro**.
  - **Atentados terroristas** → gran impacto na sociedade.
  - **Triunfo do fascismo italiano** (Marcha de Roma en 1922) e o ascenso ao poder de Mussolini → exemplo para España.



- A sublevación de **Primo de Rivera** contou co apoio do rei Afonso XIII → chama a Primo para concederlle o **cargo de presidente**.
- Declara o **estado de guerra** e suprime as garantías constitucionais e disolución das Cortes.
- O réxime **constitucional de 1876 foi substituído** ante a indiferencia popular e a escasa resistencia a unha **ditadura militar** → é presentada como un **réxime transitorio**.
- Unha vez extirpados os males do país (caciquismo, desgoberno, subversión social e ameaza do separatismo á unidade nacional) produciríase un retorno á normalidad constitucional.
- O **contexto europeo** foi clave → España non foi un feito illado, pois son moitos os países que se acercan a **solucións fascistas e autoritarias**.



## 1. Etapas do goberno (dúas):

- a. **DIRECTORIO MILITAR (1923- 1925)** → tras o golpe, o ditador Primo de Rivera constituíuse como ministro único asesorado por un Directorio Militar (composto por militares).
  - i. Tras este goberno estaban os poderes que dominaran o país durante a Restauración → **oligarquías terratenentes e industriais.**
  - ii. **Medidas:**
    - **Represión do nacionalismo:** bandeiras, símbolos, himnos. Restricción da lingua catalá ao ámbito privado.
    - **Consecuencia** → radicalización da política nacionalista e máis rexeitamento cara a Monarquía (especialmente en Cataluña con **Francesc Maciá**, un dos fundadores de Esquerra Republicana de Catalunya).
    - Política de “**man dura**” (manter a orde pública).
    - O Estado de guerra ata 1925 supuxo **restrición das liberdades públicas e persecución** de organizacións obreiras vencelladas á **CNT e PCE** → menos folgas e atentados.
    - Acción do **Somatén** en toda España → organización parapolicial nacida en Cataluña. Paisanos armados baixo mando militar que colabora coa Garda Civil.

- Créase a **Unión Patriótica** → **1924** por **Primo de Rivera**. Organización civil a modo de partido político que **trasladaba o ideario político do réxime á rúa**. Así lexitimaba a súa acción de goberno (inspirada no fascismo italiano).
- Reforma administración → máis centralizada co obxectivo de destruír o caciquismo (fracasa).
- Consciente da impopularidade pola **guerra marroquí**, Primo de Rivera acorda con Francia unha **ofensiva militar conxunta en Marrocos** → grande éxito do Directorio Militar.
- A operación foi o **Desembarco de Alhucemas (1925)** → pon fin á resistencia das *cábilas* (tribus) do Rif e o seu líder **Abd-el-Krim entregouse** ás autoridades do Marrocos francés.

- **Desembarco de Alhucemas 1925 → fin de la guerra de África (rendición de Abd-el-Krim).**

- [https://www.youtube.com/watch?v=HqvOeUjJ36U&ab\\_channel=Ruym%C3%A1nGarc%C3%ADa](https://www.youtube.com/watch?v=HqvOeUjJ36U&ab_channel=Ruym%C3%A1nGarc%C3%ADa)



- [https://www.youtube.com/watch?v=Gdl4g4OzW1U&ab\\_channel=Guillermo](https://www.youtube.com/watch?v=Gdl4g4OzW1U&ab_channel=Guillermo)



b. **DIRECTORIO CIVIL (1925- 1930)** → finais de 1925, goberno civil presidido por Primo de Rivera (substituíu ao Directorio Militar).

- **Obxectivo** → insitucionalizar a ditadura para permanecer no poder.
- En **1927** → **Asmablea Nacional Consultiva** formada maiormente por membros da Unión Patriótica elixidos por sufraxio restrinxido ou censitario.
- **Sigue o modelo fascista italiano.**
- **Fracasa** no seu papel de elaborar unha lei fundamental que fixera o papel de Constitución da ditadura.



- A ditadura beneficiouse da puxante **coxuntura económica** da época:
  - **Intervencionismo estatal** e nacionalismo económico → pretende impulsar a economía mediante **proteccionismo** e axudas ás grandes empresas.
  - Creación de **grandes monopolios estatais** como **CAMPESA** (o goberno concédelle en exclusiva a importación e venda de petróleo e gasolina) e a **Compañía Telefónica Nacional de España**.
  - Foméntanse **obras públicas** → aproveitamento de ríos para obras de regadío e centrais hidroléctricas.
  - **Consecuencia** → **aumento do gasto público** que non foi acompañado de reformas fiscais → obriga a emitir **débeda pública** de maneira constante.
- A **nivel social**, imítase o modelo social do fascismo italiano → **Organización Corporativa do Traballo**. Era unha especie de sindicato que trataba de mediar entre patróns e obreiros (colaboración dos socialistas → a viron como ventaxosa para consolidarse como partido e sindicato).

- O golpe de Estado despertou **simpatías iniciais**, pero co paso do tempo **creceron as críticas** ao réxime e ao ditador → ampla e heteroxénea oposición.
- **Malestar no exército** (piar fundamental do réxime) polos favoritismos na concesión de ascensos → boa parte dos militares convertéronse en **opositores ao réxime**.
- Os **empresarios** tamén se volven en contra debido á forte intervención estatal na economía e o intento de crear un imposto sobre a renda.
- **Os estudantes** estaban indignados polo recoñecemento das universidades católicas privadas → fin do monopolio do Estado na ensinanza superior.
- **Intelectuais progresistas** → decepcionados coa ditadura.
- **Forzas republicanas e nacionalistas revitalízanse**, o **anarquismo da CNT se radicaliza** e os partidarios da insurrección revolucionaria **constitúen a FAI** (Federación Anarquista Ibérica).

- **Crise monetaria de 1928** → Peseta perde valor como consecuencia de enorme débeda do Estado, déficit da balanza de pagos (importacións/exportacións) e retirada de investimentos estranxeiros.
- **1930** → **Primo de Rivera dimite pola falta de apoios dos capitáns xerais.**
- **A continuación** → se suceden varios gobernos que tentaron devolver ao debilitado réxime monárquico á senda constitucional e parlamentaria, a pesar da debilidade dos partidos dinásticos.
- Alfonso XIII nomea presidente do goberno a **Dámaso Berenguer** → periodo coñecido como ***ditabranda***.



## **Doc. 1.-En setembro de 1923, o xeneral Primo de Rivera xustifica así o seu golpe de Estado, aprobado pola Coroa:**

“Españóis: Chegou para nós o momento máis temido que esperado (...) de atender o clamoroso requirimento de cantos amando á Patria non ven para ela outra salvación que liberala dos profesionais da política, dos homes que por unha ou outra razón nos ofrecen o cadro de desventuras e inmoralidades que comezaron o ano 98 e ameazan a España cun próximo fin trágico e deshonoroso. A mesta rede da política de concupiscencias colleu nas súas mallas,

secuestrándoa, ata a vontade real (...). Pois ben, agora irnos recabar tódalas responsabilidades e gobernar nós ou homes civís da nosa moral e doutrina. Non temos que xustificar o noso acto, que o pobo san demanda e impón. Asasinatos (...), atracos, depreciación da moeda (...), rastreiras intrigas políticas tomando por pretexto a traxedia de Marrocos (...), precaria e ruínosa a produción agrícola e industrial, impune propaganda comunista, impiedade e incultura, xustiza influída pola política, descarada propaganda separatista (...). Non vimos chorar mágoas e vergoñas, senón poñerlles pronto radical remedio, para o que requirimos o concurso de tódolos bos cidadáns”.



## **Doc. 2.-Proposta de Primo de Rivera a Alfonso XIII para substituír o Directorio Militar por un Directorio Civil (1925):**

“En suma, señor, para expoñer o meu pensamento clara e sinceramente, o que propoño a V. M. é a substitución dunha ditadura militar por outra civil e de organización máis axeitada, pero non menos vigorosa. E permítome propoñelo así, recollendo a arela popular, que só teme do cambio de goberno que se debiliten os resortes do mando que foron carácter do Directorio militar, cuxa vida, como xenuína representación do exército e da mariña, que tan patrioticamente ofreceron o prestixio dos seus nomes corporativos a este arriscado labor, non debe levarse a momento de desgaste ou de quebranto; nin tampouco debe subtraerse por máis tempo ao país, na súa representación civil, que é a axeitada e tan manifestamente está da nosa parte, a participación e a responsabilidade na obra de reconstituílo e reeducalo administrativa e politicamente”.

**Doc. 3.-José Calvo Sotelo, na súa obra Mis servicios a España (1931), expón e defende as que foran liñas mestras da actuación económica da ditadura:**

“As ditaduras propenden fatalmente ao intervencionismo. O seu omnímodo poder é incompatible coa inhibición (...). O intervencionismo de Primo de Rivera abrangueu a agricultura, a industria, o mesmo comercio (...). Primo de Rivera profesou un entusiasta nacionalismo económico que eu compartín co máis caloroso fervor. Pero o noso nacionalismo mantívose dentro de correctísimos límites. A xuízo do xeneral, España debía nacionalizar unicamente:

- a) as industrias para as que a primeira materia se obtén no noso territorio;
- b) as que dentro do ámbito nacional de consumo poden achar mercado suficiente de vida;
- c) as indispensables para asegurar a nosa independencia política nacional”.

## 16. O establecemento da II República (forzas políticas e Constitución de 1931).

- A lentitude na aplicación de reformas foron a causa do fracaso de Berenguer.
- Durante o seu goberno tivo lugar o **Pacto de San Sebastián** (agosto 1930):
  - Diversos partidos **republicanos e personaxes do socialismo ou nacionalismo** → acordan a **estratexia** para poñer fin o reinado de Alfonso XIII e **instaurar unha República**.
  - En **decembro de 1930** → intentos frustrados de impoñela pola forza.
  - O máis salientable é o **acontecido en Jaca**, levada a cabo polos **capitáns Galán e García Hernández**. Resultado → fusilamento destes militares.
- Berenguer foi substituído polo **almirante Aznar** en febreiro de 1931 → novo goberno convoca **eleccións municipais o 12 de abril**. Estas adquiriron un carácter de plesbicitio (Consulta mediante votación á que se somete o pobo para aprobar ou refutar unha cuestión que concirne á estrutura do Estado ou do goberno) a favor ou en contra da monarquía.

- Triunfo das candidaturas republicanas nas grandes cidades e capitais de provincia propiciou a **proclamación da II República española o 14 de abril de 1931**.
- O goberno provisional deseñado no Pacto de San Sebastián, proclamou presidente a **Niceto Alcalá-Zamora**.
- **Inmediatamente** → decreta **amnistía xeral** para os presos políticos e fai unha declaración de intencións que **proclama liberdades públicas e sindicais**. Sen practicamente apoios, **Alfonso XIII exíliase**.
- Abril - decembro → Goberno Provisional composto:
  - **Dereita Liberal Republicana**.
  - O centrista **Partido Radical**.
  - **Partidos republicanos de esquerdas**.
  - O **PSOE**.
  - Un **republicano galego** (Casares Quiroga).
